

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a. María Guadalupe Pombo Carril (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D.. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
D^a. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
D^a. María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
D^a. Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
D^a. Izaskun García Gorostizu (Grupo Político Popular)
D. Alfonso Rico Vereá (Grupo Político Popular)
D. Antón Prieto García (Grupo Político Popular)
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (BNG)
D^a. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
D^a. Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

A Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

A Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás trece horas e trinta e tres minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous, reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE DATA 18.08.2022.

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26/09/2022 (código de documento USG16I035Y), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

SESIÓN ORDINARIA 18/08/2022

(Expediente USG/2022/134)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 18/08/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 18/08/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. José Ramón Rioboo Castro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións relativas ao contido do borrador da acta correspondente, sométese a votación o borrador da acta da sesión anterior.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 18.08.2022**; sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 17 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (10) dona María Guadalupe Pombo Carril, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González; do Grupo Político Popular (2), don Alfonso Rico Verea e don Antón Prieto García, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2), don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, **e 4 ABSTENCIÓNS** dos/das concelleiros/as do Grupo Político do PSdG-PSOE (2), don José Ramón Rioboo Castro e dona Marta María Figueroa Fuentes, da concelleira do Grupo Político Popular (1), dona Izaskun García Gorostizu e do concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (1), don Gonzalo Méndez Mosqueira (por non estar presentes na sesión), **o ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión ordinaria do día 18.08.2022 (borrador asinado o día 26.09.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DITAMES

2.1.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 2/2022 (UCP/2021/188)

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía de data 21 de setembro do ano 2022, con código de documento UCP16I018R (ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data 26 de setembro de 2022 con catro (4) votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE, dona Marta María Iglesias Becerra, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Jessica Méndez Sánchez e don Mario Alfonso Iglesias Gómez e 2 abstencións do concelleiro do Grupo Político do BNG, Don Enrique Antonio Chouciño Garrido e da concelleira do Grupo Político Alternativa dos Veciños, dona Alicia Ferreiro Varela), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA

O Pleno da Diputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o 27 de maio de 2022, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, para regular o POS+Adicional 2/2022 para o financiamento de gastos correntes dos concellos do exercicio 2022 e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou da revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, como medida extraordinaria adoptada para axudar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada da persistencia da pandemia motivada polo COVID-19 e da guerra de Ucraína, coa conseguinte alza de prezos de determinados bens e servizos que repercute directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obrigatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos concellos.

O 30 de maio de 2022, a través da plataforma SUBTEL, a Deputación Provincial achegou unha circular relativa ao POS+ADICIONAL 2/2022, na que se indica que a cantidade asignada a este Concello no POS+AD 2/2000 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos ascende a 886.873,07 €.

Este Plan adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases:

- Na fase 1ª incluíranse os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022. No caso deste Concello, mediante resolución número 1234/2022, de 30 de xuño, aplicouse a maior achega á obra denominada “Regeneración de la plaza Sagrada Familia en Vilaboa. Culleredo”, cun orzamento total de 573.752,26 €, incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 11 de febreiro de 2022.*
- Na fase 2ª, para a que restan 313.120,81€, poderanse incluír gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar ou a revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais.*

En base a todo o cal, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) 2ª fase do “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	313.130,81 €

3 de 40

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostíbles:

Investimentos financeiramente sostíbles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
-	-	-	-	-	-

(este importe xa foi aplicado mediante resolución da alcaldía número 1234/2022, de 30 de xuño, á obra "Regeneración de la plaza Sagrada Familia en Vilaboa. Culleredo", incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 11 de febreiro de 2022)

Investimentos financeiramente sostíbles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
-	-	-	-	-	-

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	0,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022 (2ª fase)	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	313.130,81 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	313.120,81 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	313.120,81 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	313.120,81 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que sempre son benvidos fondos veñan de onde veñan para buscarlles o mellor destino pero unha vez máis o goberno municipal utiliza o POS, que sempre se utilizou para financiar obras e servizos, na cantidade do 100% a gasto corrente, aproveitando que se abriu a porta do gasto corrente, dando a entender que o goberno municipal prefire que sigan chegando fondos para encher o orzamento que gasta sen control, como se pode ver na liquidación da que se dá conta nun punto posterior e no que a interventora informa de que o goberno municipal, no ano 2021, gasta oito millóns de euros á marxe dos procedementos de contratación, con reparos suspensivos da Intervención, que lle di que hai 315 reparos suspensivos, non habendo ningún reparo non suspensivo, sendo 315 casos nos que se repara o pago de facturas que ascenden en varios casos a 100.000, 200.000 e 300.000 euros, todos en base ao artigo 216.2.c) que di que o motivo é por omisión de requisitos esenciais, é dicir, que o goberno municipal gasta oito millóns de euros dun orzamento de vinte e cinco millóns redondeando á marxe dos procedementos de contratación e con omisión de requisitos esenciais, pedindo agora 300.000 euros para engrosar esa disposición que fai o goberno municipal do orzamento municipal; indica que o seu grupo lle dá a benvida aos fondos pero que non está de acordo co destino que o que se solicitan e que por ese motivo o seu voto será de abstención.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que os oito millóns que poida haber con reparos da Intervención son todos para servizos básicos do Concello como xardinería, limpeza viaria, etc, que están pendentes da aprobación dos pregos para a súa licitación; indica que, con respecto á posibilidade que ofrece o plan de obras e servizos da Deputación, antes adicábase fundamentalmente a investimentos pero xa dende hai uns anos a Deputación provincial, na que goberna o seu partido e o do Sr. Chouciño Garrido, decidiu que unha parte considerable do POS, e no presente caso POS Adicional, poderíase destinar a gasto corrente, sobre todo nestes tempos en que os desaxustes orzamentarios en gasto corrente, por exemplo en alumeadado público, desfázanse bastante porque os concellos sofren tamén o incremento de prezos como pode ser o da luz. Di que, no que el puido

contrastar, os concellos con posibilidades económicas están utilizando para gasto corrente este tipo de plans e di que hai que lembrar que o Plan non é un plan de 315.000 euros senón que había 573.000 que van destinados á praza da Sagrada Familia de Vilaboa, pendente de facer unhas modificacións suxeridas por Patrimonio e que haberá que remitir novamente á Deputación, polo que de 800.000 euros case 600.000 euros están adicados a investimento.

Segue a dicir o Sr. alcalde-presidente que, cando chega calquera subvención como a referida na proposta, o goberno municipal o que fai é preguntar nos servizos económicos municipais onde consideran que podería ser investida a achega procedente da subvención e que o que indicaron foi que podería ser axeitado aumentar a partida de gasto corrente sobre todo polos desfases producidos polo problema enerxético que se está a sufrir e co fin de ter suficiente dispoñibilidade nas partidas en que é máis necesario; di que, como xa comentaron noutras ocasións, utilizar a subvención para o incremento en gasto corrente permite tamén incrementar a partida orzamentaria para investimentos e indica que nas mesas de traballo que ten na propia Deputación provincial así se lles aconsella, tanto polo seu partido como polo partido do Sr. Chouciño Garrido que tamén goberna.

A continuación solicita un turno de réplica o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo e di que na liquidación do 2021, da que se dá conta nun punto posterior, di que hai un excedente de 2,5 millóns de euros e di que pode ser que cando o Sr. alcalde-presidente se reúne na Deputación con deputados doutros concellos puidera ser que estes tiveran unha execución orzamentaria máis axustada e desa forma tería outra xustificación pero no momento en que hai un excedente de 2,5 millóns de euros, solicitar 300.000 euros para gasto corrente non parece que sexa o caso dun concello que axusta o seu orzamento para que a final de ano, no último trimestre, vaia máis axustado en tesouraría o que non parece ser o caso de Culleredo pois non o foi no 2019, non o foi no 2020, nin no 2021 e, aínda que non tivo tempo de revisar o avance da liquidación, non cre que estea sendo no 2022; indica que o Sr. alcalde diga que é para servizos básicos que están pendentes de redacción de pregos (fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que el dixo que están pendentes de aprobación) e resulta que o prego da limpeza viaria está aprobado desde o mes de xullo do 2019 e está colgado o anuncio no portal de contratación, sendo esta a única acción que se fixo, e o prego de contratación da auga potable, que foi recorrido por unha pequena cuestión que xa se solventou, tamén podería ter ido cara adiante e non se fixo, e así un tras outro, polo que non se pode poñer a escusa de que son para servizos básicos que están pendentes de redacción de pregos porque o retraso non é dun mes nin de tres nin de seis pois se está a falar de ausencia de licitacións en servizos básicos que se van a lustros e décadas.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que parece que carece de bastante criterio técnico nesta materia e utiliza unha linguaxe política na que todo parece caber e lle di que non é así e que non ten nada que ver que na liquidación exista un remanente de 2,5 millóns de euros con que se utilice unha partida do actual exercicio para incrementar o gasto corrente porque para incrementar eses 2,5 millóns habería que utilizar un procedemento totalmente distinto e di que reitera que case o 90% é para servizos básicos dos cidadáns do Concello de Culleredo pois do contrario quedarían sen limpeza, sen xardinería, sen auga nos seus fogares, etc.

Concluídas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 15 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (12) don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político Popular (3), dona Izaskun García Gorostizu, don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García, **e 6 ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (3), don Enrique Antonio Chouciño Garrido, dona Beatriz Pérez Mosquera e don Gonzalo Méndez Mosqueira, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José

Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, non habendo **ningún voto en contra**, os **ACORDOS** seguintes:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) 2ª fase do “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	313.130,81 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
-	-	-	-	-	-

(este importe xa foi aplicado mediante resolución da alcaldía número 1234/2022, de 30 de xuño, á obra “Regeneración de la plaza Sagrada Familia en Vilaboa. Culleredo”, incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 11 de febreiro de 2022)

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
-	-	-	-	-	-

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	0,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022 (2ª fase)	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	

Gastos correntes servizos obrigatorios	313.130,81 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	313.120,81 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	313.120,81 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	313.120,81 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2.2.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO (UCP/2022/96)

A secretaria xeral dá lectura á proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data 21 de setembro do ano 2022, con código de documento UCP16I0109 (ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data 26 de setembro de 2022 con catro (4) votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE, dona Marta María Iglesias Becerra, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Jessica Méndez Sánchez e don Mario Alfonso Iglesias Gómez e 2 abstencións do concelleiro do Grupo Político do BNG, Don Enrique Antonio Chouciño Garrido e da concelleira do Grupo Político Alternativa dos Veciños, dona Alicia Ferreiro Varela), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA

O Sistema de Contratación Centralizada Estatal, de acordo co disposto polo artigo 229.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, está aberto á adhesión voluntaria das Entidades Locais.

A Orde HAP/2834/2015, do 28 de decembro, pola que se modifica a Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de subministracións e servizos de contratación centralizada desenvolve o procedemento de adhesión á Central de Contratación do Estado conforme os seguintes termos:

- Nunha primeira fase, a entidade local, de acordo con o artigo 229.2 da Lei de Contratos do Sector Público, subscribirá coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación un acordo de adhesión xenérico á Central de Contratación do Estado.

A celebración deste acordo de adhesión xenérico implicará a manifestación formal da súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado e o dereito de adherirse aos distintos acordos marco da Central de Contratación do Estado.

- Nunha segunda fase, a entidade formalizará a adhesión voluntaria a un acordo marco específico o que implicará a obriga do ente ou entidade adherida de realizar todas as contratacións a través do mesmo salvo cando as subministracións adxudicadas ou o réxime de prestación dos servizos non reúna as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades do ente ou entidade individualmente adherido. Esta circunstancia requirirá información trimestral á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

C.I.F. P-1503100-H

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación está obrigada a facilitar o acceso á aplicación informática CONECTA-CENTRALIZACIÓN aos entes e as entidades que se adhiran voluntariamente a un acordo marco específico.

É obriga dos entes adheridos dilixenciar a proposta de adxudicación polo órgano de control interno da xestión económica-financeira das entidades suxeitas a función interventora. Doutra banda, teñen dereito a recibir información individualizada dos acordos marcos a celebrar a fin de solicitar a súa adhesión específica aos mesmos.

O período de vixencia do acordo específico de adhesión será equivalente ao do acordo marco de referencia.

Non obstante o anterior, no caso dos acordos marco tramitados con anterioridade á entrada en vigor, o 18 de abril de 2016, da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre contratación pública, o acordo específico poderá resolverse mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. - Solicitar a adhesión por parte do concello de Culleredo á Central de Contratación del Estado, con arranxo ao disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento de aquela.

A celebración deste acordo de adhesión xenérico implicará a manifestación formal da vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado e o dereito de adherirse aos distintos acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición da Central de Contratación do Estado.

SEGUNDO. – Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que, nunha segunda fase, a entidade formalice a adhesión voluntaria aos acordos marcos e sistemas dinámicos de adquisición específicos o que implicará a obriga do concello de Culleredo de realizar todas as contratacións a través dos mesmos salvo cando as subministracións

adxudicadas ou o réxime de prestación dos servizos non reúna as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades deste Concello. Esta circunstancia requirirá información trimestral á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Dentro dos distintos modelos de solicitude de adhesión específica, facúltase ao Sr. Alcalde tanto para a adhesión aos sistemas dinámicos de adquisición previstos na Central de Contratación do Estado, como aos restantes acordos marcos tramitados.

TERCEIRO.- *Publicar este acordo no BOP da Coruña e na sede electrónica municipal para xeral coñecemento e dar traslado á Central de contratación do Estado a través da Subsecretaría da Dirección Xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na exposición de motivos se di, e se explicou tamén na comisión informativa, que debido ao exceso de traballo que teñen os funcionarios municipais, asumir o contrato marco que se propón e polo tanto delegar a contratación dos servizos ou dalgunha das modalidades de adquisición de bens e servizos podería contribuír a paliar a carga de traballo dos funcionarios e recorda como hai un par de meses o BNG propuxo acordar coa Academia Galega de Seguridade Pública o proceso selectivo de policías locais e o goberno municipal non o quixo aceptar, preguntando se iso non contribuíría a restar carga de traballo ao funcionariado municipal e o que se propón neste punto si; pregunta que pasou co acordo marco, moi similar ao que se presenta neste punto, ao que o Concello se adheriu promovido pola Deputación da Coruña, e pregunta se se chegou a utilizar algunha vez pois desde o BNG xa teñen feito alusión a ese convenio marco coa Deputación e non lles consta que se utilizara nunca malia que podería estar non so reducindo o traballo dos funcionarios senón tamén rebaixando non sabe canto eses oito millóns de euros dos que falou antes, e di que non sabe en canto se poderían reducir porque na comisión informativa o seu grupo xa pediu que se emitira un informe no que se dixera cantos dos contratos reparados dos últimos anos poderían ter sido canalizados pola vía do acordo marco e así ter unha idea aproximada da utilidade que tería que o Concello se adherira a dito procedemento e non viron o referido informe na documentación do Pleno, non sabe se porque ao goberno municipal non lle interesa ou se porque o resultado non sería moi favorable.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que repite o que dixo antes sobre os pregos do servizo de limpeza viaria, que están colgados desde xullo do 2019 no portal de contratación e non se impulsou porque o goberno municipal non contrata porque teña os problemas que di ter senón porque non lle dá a gana, engadindo que os membros do seu grupo non lle ven moita utilidade a proposta que se presenta neste punto máis alá de intentar maquillar e dar a entender que o equipo de goberno ten algunha intención remota de saír ao paso do que supón un escándalo como é o feito de ter oito millóns de euros, dun orzamento duns vinte e cinco, de contratos á marxe, prescindindo totalmente dos requisitos básicos das leis de contratación, e di que non coñecen ningún outro concello no que ocorra o mesmo polo que a súa postura será de abstención.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o Sr. Chouciño Garrido primeiro di que sería bo facer cuestións como a que se propón neste punto e despois di que é para maquillar, cando a realidade é que a proposta parte dunha análise que se está a facer no Concello para ver que sistemas hai ao alcance do Concello para tratar de axilizar algunhas das contratacións porque hai que saber que a adhesión que se propón é para que, nalgún caso dentro do catálogo que teña o Estado, o Concello poida adquirir algún equipo, algún mobiliario ou calquera outra cuestión material que poida haber dentro da Plataforma de Contratación do Estado, pero ás veces as necesidades do Concello non se corresponden co catálogo de produtos que está na plataforma de contratación do Estado e pon como exemplo que no Concello de Culleredo houbera que comprar de urxencia dez ordenadores e

10 de 40

estiveran dentro do catálogo da plataforma poderíanse comprar pero tamén podería ocorrer que os que están no catálogo non reuniran os requisitos técnicos necesarios en Culleredo .

Segue a dicir o Sr. alcalde-presidente que dentro da Lei de contratos das administracións públicas existe a figura do contrato menor polo que non parece procedente facer un informe tan exhaustivo como solicitou o BNG porque moitas das cousas que mercou o Concello, ou que se poden mercar ou que tecnicamente se aconsella que se deben mercar, non están na plataforma e hai que ir a outro sistema, engadindo que nela hai vehículos, hai material informático, hai sistemas de alarmas, hai videocámaras e un amplo catálogo para Administración Pública pero puidera ser que o Concello de Culleredo quixera poñer cámaras e se considerara que tecnicamente serven as do catálogo, coller esas directamente pero ás veces as necesidades técnicas non se corresponden coa propia licitación da Plataforma de Contratación do Estado.

A continuación solicita un turno de réplica o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo e, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde-presidente vén de aludir a unha análise e pregunta onde está esa análise porque os membros do seu Grupo pediron un informe para poder colaborar a que todos, os vinte e un que están no Pleno, tomen as súas decisións, e ese informe non se dá, a pesar de ter unha análise feita segundo dixo o Sr. alcalde, o que lle parece unha contradición, e di que non entenden que haxa tantas reticencias e que non poida haber un informe para saber en que pode beneficiar esta adhesión que se propón e en cambio se fale dun catálogo como se o que se propón fora a ser un “Avon llama a su puerta” insistindo en que o que o goberno municipal quere é maquillar a cifra escandalosa que supón un ano máis a porcentaxe de gasto que vai á marxe dos procedementos legais e do que parece que o goberno municipal non ten ningunha intención de normalizar; di que o seu grupo xa falou o ano anterior no orzamento, e con ocasión da Conta Xeral, de que é obrigatorio incluír no orzamento un plan de formalización da contratación e render contas na Conta Xeral, engadindo que, como xa dixo noutras veces, o goberno municipal quere dispor do orzamento municipal como quen colle dun saco e di que o orzamento municipal non é un saco do que poida dispoñer o alcalde e que se aínda non se enterou, xa vai algo tarde para facelo.

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente intervén o Sr. alcalde-presidente e di que bastante antes que o Sr. Chouciño Garrido se enterou el e que lle ten que dicir que segue adocendo bastante dun criterio técnico e que lle preocupa.

Concluídas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 15 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (12) don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político Popular (3), dona Izaskun García Gorostizu, don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García, **e 6 ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (3) , don Enrique Antonio Chouciño Garrido, dona Beatriz Pérez Mosquera e don Gonzalo Méndez Mosqueira, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, non habendo **ningún voto en contra, os ACORDOS** seguintes:

PRIMEIRO. - Solicitar a adhesión por parte do concello de Culleredo á Central de Contratación del Estado, con arranxo ao disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento de aquela.

A celebración deste acordo de adhesión xenérico implicará a manifestación formal da vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado e o dereito de adherirse aos distintos acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición da Central de Contratación do Estado.

SEGUNDO. – Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que, nunha segunda fase, a entidade formalice a adhesión voluntaria aos acordos marcos e sistemas dinámicos de adquisición específicos o que implicará a obriga do concello de Culleredo de realizar todas as contratacións a través dos mesmos salvo cando as subministracións adjudicadas ou o réxime de prestación dos servizos non reúna as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades deste Concello. Esta circunstancia requirirá información trimestral á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Dentro dos distintos modelos de solicitude de adhesión específica, facúltase ao Sr. Alcalde tanto para a adhesión aos sistemas dinámicos de adquisición previstos na Central de Contratación do Estado, como aos restantes acordos marcos tramitados.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e na sede electrónica municipal para xeral coñecemento e dar traslado á Central de contratación do Estado a través da Subsecretaría da Dirección Xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda.

3.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dende a Presidencia proponse incluír na orde do día a Moción seguinte:

3.1.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR EN RELACIÓN AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes.**

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Político Popular, dona Izaskun García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede a dar lectura a moción presentada polo Grupo Político Popular, que se transcribe a continuación:

*“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL CONCELLO DE CULLEREDO EN
RELACIÓN AL PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL*

EL Grupo Municipal Popular del Concello de Culleredo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La semana pasada participamos en un pleno extraordinario solicitado por los grupos de la oposición para conocer y tener a nuestra disposición toda la documentación relacionada con la unidad de actuación UA-16.

Unos vecinos de Vilaboa, propietarios de casas y terrenos firman con el anterior Alcalde un convenio que les otorga mayor edificabilidad en sus propiedades. Mientras, un constructor se adhiere a ese convenio, firma un contrato de permuta sin garantías con los propietarios quienes ceden sus terrenos libres de cargas a cambio de un piso que se construirá cuando se apruebe el nuevo PLAN GENERAL. Qué ha pasado después de más de 20 años? Que el Plan no se ha aprobado, que el constructor no ha edificado y que los vecinos se han quedado sin su piso y sin sus terrenos.

C.I.F. P-1503100-H

La falta de transparencia en todo lo relacionado con el urbanismo en este concello, los convenios urbanísticos firmados y guardados en el cajón, la renuncia a aprobar un nuevo PLAN GENERAL que se actualice a la nueva normativa lleva a este tipo de situaciones.

Nuestro grupo municipal desconoce las causas por las que no se tramita el nuevo PXOM?, por qué no se adapta a las nuevas leyes del suelo de Galicia?, qué va a pasar con el trabajo realizado por el equipo redactor?

Culleredo necesita un nuevo plan que corrija las deficiencias del actual: Malla urbana sin colmatar, espacios urbanos sin humanizar, falta de suelo industrial a precio competitivo que favorezca la implantación de empresas y se genere empleo y riqueza, falta de equipamientos...

El plan general es la principal herramienta de gestión municipal y es por ello que desde el Grupo Popular del Concello de Culleredo solicitamos al Pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

ACUERDOS

- 1.-Solicitamos que se nos conteste a las preguntas formuladas en la exposición de motivos*
- 2.-Que se convoque la comisión especial del PXOM para que se ponga en conocimiento de la corporación todas las modificaciones aplicadas y pendientes desde la aprobación inicial.*
- 3.-Tramitar en esta legislatura la aprobación provisional y definitiva una vez que se informe el expediente por la XUNTA DE GALICIA."*

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e pregunta se se cambia o punto número 1.

Responde a Sra. García Gorostizu e di que si, que tal como se acordou na Xunta de Voceiros, o punto número 1 pasa á exposición e que quedan os outros dous puntos para someter a votación.

De seguido a Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo, xa na anterior lexislatura, reclamou a necesidade que ten o Concello de Culleredo de aprobar o PXOM, aprobación necesaria para o desenvolvemento e o desenrolo do Concello e di que descoñecen por que non se dá aprobado o PXOM porque se leva tempo xa solicitando que se aprobe e desexan velo aprobado na lexislatura actual, aínda que o ven moi difícil dado o tempo que resta para rematala.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que queren facer desde o BNG é felicitar ao Partido Popular por facer política, engadindo que non se trata dunha ironía e que está sendo totalmente sincero na felicitación; di que á marxe de calquera outra cuestión, o feito de intentar que se aprobe o PXOM é unha postura política que comparten todos e que ademais están no Pleno para iso, e que escoitar dicir ao Sr. alcalde que se fai política como se iso fora algo negativo non o entenden; di que o pero é que a moción está moi mal redactada e que non se está a falar de pequenos defectos de forma senón de que a exposición de motivos e os acordos teñen pouco que ver, parecendo que os membros do Grupo Político Popular puxéronse nerviosos o día do pleno extraordinario que houbo cos veciños de Vilaboa presentes e decidiron facer o que di o conto daquelo de "Sr. Presidente, isto é un desastre, que facemos? Nada pero rápido"; indica que na moción se fai un desenrolo da situación de Vilaboa e parece desprenderse que impulsar o PXOM lle daría unha solución cando non teñen moito que ver; di que o seu Grupo está de acordo co punto que solicita que se convoque unha comisión especial para que se poñan en coñecemento da Corporación todas as modificacións aplicadas e pendentes desde a aprobación inicial pero, respecto do punto número 3 que se solicita, relativo a tramitar na lexislatura actual a aprobación provisional e definitiva unha vez que se informe o expediente pola Xunta de Galicia, di que el non sabe exactamente os prazos pero que lle dá a sensación, cos pouco máis de seis meses que quedan de lexislatura, de que igual isto non se pode afirmar e que mellor sería poñer ter a intención ou a vontade, e que a redacción da proposta non é para emendar cunha

13 de 40

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

Asinado dixitalmente polo Sr. alcalde-presidente, don José Ramón Rioboo Castro."

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

4.3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE DATA 28/04/2022 DE RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS E DAS ANOMALÍAS EN INGRESOS 2021

A Sra. secretaria municipal dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26 de setembro de 2022 (código de documento USG16I036F), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE DATA 28/04/2022 DE RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS E DAS ANOMALÍAS EN INGRESOS 2021

(Expediente OpenCertiac: UIT/2022/9)

Tendo en conta o sinalado no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Tendo en conta o sinalado no artigo 15.6 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, co seguinte tenor literal:

“Artículo 15. Discrepancias.6. Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del Presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o, en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.”

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do “Informe anual das resolucións contrarias a reparos e das anomalías en ingresos 2021” asinado pola Intervención municipal en data 28/04/2022 (código de documento UIT16I00AV).

Documento asinado dixitalmente polo Sr. alcalde don José Ramón Rioboo Castro.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.

A Presidencia indica que non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia fai uso da palabra e pregunta a todos os asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que comeza un novo curso e que fai máis dun ano o seu grupo presentou unha moción referente á cubrición dos patios dos CRAs, comprometéndose o Sr. alcalde no pleno a dar unha solución despois de consensualo cos técnicos, e pregunta como está ese tema porque aos membros do seu partido non lles chegou información ningunha ao respecto, engadindo que quere trasladar tamén a preocupación que hai na zona onde se están a realizar as obras de “Humanización da Avenida de Vilaboa” pola seguridade vial na Rúa Domingo Sierra sobre todo no cruce con Condes de Andrade pois a partir de aí os vehículos comezan a coller unha velocidade considerable, superando algún os 50 km/hora e nalgúns casos nin se respectan os pasos de peóns, polo que solicita algunha medida desde o Concello ou desde a concellería correspondente.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que, respecto do problema que se traslada na zona das obras de “Humanización da Avenida de Vilaboa, xa estiveron na zona, nese punto crítico por mor das obras, tanto a Policía Local como as concelleiras, e pensa que se acordou algunha actuación complementaria nesa zona para garantir a seguridade viaria; di que, con respecto á cuberta dos CRAs, é intención do Concello cubrir ditos parques pero hai que solicitar algún informe porque esas obras son investimentos e non son unha competencia dos concellos que se teñen que encargar só do mantemento, polo que hai que ver como se pode convenir cos centros escolares poder facer ese investimento e en base ao acordo que hai entre os concellos, a FEGAMP e a administración autonómica, os concellos só teñen a obriga de atender o mantemento dos colexios de infantil e primaria pero non os investimentos; di que se vai tratar de que se realicen esas obras pero que deberan realizalas a propia Xunta de Galicia ou a propia Consellería de Educación, que teñen partidas importantes para este tipo de investimentos, lembrando a todos a total disposición do goberno municipal para que ditas obras se leven a cabo.

O Sr. Mourelle Botana indica que hai máis dun ano que o seu grupo presentou a referida moción e o tema está sen solucionar.

O Sr. alcalde-presidente lle pregunta ao Sr. Mourelle Botana se entende o que el lle vén de dicir.

O Sr. Mourelle Botana indica que o entende perfectamente pero que vai xa máis dun ano sen que se solucione.

O Sr. alcalde-presidente lle pregunta de novo ao Sr. Mourelle Botana se o entende.

O Sr. Mourelle Botana repite que si, que el o entende.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar lle gustaría trasladar unha pregunta derivada da reclamación dalgúns usuarios e usuarias porque se pode ver nos últimos meses como na Deputación se teñen executado rebaixas e descontos no transporte público, véndose como se teñen aplicado no transporte metropolitano ou no propio transporte urbano do Concello da Coruña, engadindo que Culleredo conta cunha liña de transporte interna na que non se ten realizado un desconto equivalente polo que desde o BNG lle preguntan ao goberno municipal se ten pensado aplicar algún desconto nesa liña e se ten solicitada a subvención que se pon a disposición dos concellos a tal efecto.

O Sr. Gonzalo segue a súa intervención e di que aos membros do seu Grupo lles chegou tamén un rogo derivado das múltiples queixas pola xestión das escolas culturais e deportivas do Concello, que directamente podería cualificarse de desastrosa pois tralo período de inscricións, publicouse unha listaxe provisional con semana e media de atraso e con evidentes fallos, evidentes e obvios a ollos de calquera que lle prestase unha mínima atención antes de publicala con semana e media de atraso polo que tempo tiveron de revisala, contando con inscricións duplicadas, inscricións que non aparecen nos listados, etc e, despois de montar o lío, nin tan sequera se fixa un prazo de subsanación nin unha revisión das datas do sorteo público nin do período de matrícula que segundo o calendario inicial debería ter rematado no día de onte, sendo o peor de todo que un ano máis, as actividades non comezarán a tempo e deixan á veciñanza a carga da responsabilidade, dado que non se segue o calendario que o propio goberno municipal marca, de ter que estar atentos e atentas e ver se hai algunha novidade; di que os membros do seu Grupo rogan que se asegure a correcta tramitación das preinscricións das actividades, achegando á veciñanza que fixo a súa solicitude o listado de preinscritos para asegurar que aparecen correctamente a través dos medios que teñen indicado para o seu contacto así como que publiquen un novo calendario para este procedemento.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que lle parece correcto e que atende o rogo feito polo BNG.

De seguido o Sr. Méndez Mosqueira di que ten outra pregunta e indica que traía preparada unha pregunta e pensa que o Sr. alcalde xa indicou a súa resposta pero se quere asegurar porque algúns dos veciños que trasladaron a cuestión que vai referir están vendo o Pleno e non está de máis reafirmar a resposta; di que a súa pregunta estaba motivada polas numerosas queixas de veciños e veciñas que levan anos esperando licenza urbanística e que levan meses, polo menos desde o mes de xuño, recibindo a cantinela de “en semanas”, que en semanas se incorporaría novo persoal e di que en semanas sempre era á semana seguinte á da chamada; di que o Sr. alcalde vén de indicar que no presente mes de outubro se incorporarán ao Concello dúas novas persoas a ese equipo polo que simplemente quere confirmar se é así.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que si, que é así como explicou o Sr. Méndez Mosqueira e que, respecto da pregunta relativa ao transporte, vai solicitar un informe para ver que accións se levan a cabo e indica que o Concello se ten que rexir polos criterios da Xunta de Galicia e o Consorcio de Transporte Metropolitano e que o Concello da Coruña ten autonomía porque ten a competencia directa no tema de transporte urbano; di que o Concello está adscrito ás tarifas da Xunta de Galicia no que respecta ao bus particular que hai pero que, de todas formas, como sabe que se está a estudar algún tipo de subvención e novas liñas e novas rutas solicita un pouco de tempo para poder contestar máis concretamente sobre a posibilidade de subvencionar e saber que procedemento xurídico habería que utilizar ao respecto.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere preguntar por dúas cuestións que consideran xa deberían ir na orde do día que son respecto ao acordo que se adoptou por unanimidade fai un par de meses sobre a implantación da fibra no rural, condicionado a avaliar se sería posible contratar a telefonía municipal cunha empresa que atendera esta cuestión ou que achegara un programa para implantar a fibra no rural; di que o seu grupo xa preguntou por este tema o mes pasado e pensa que tamén no anterior e que novamente desde o BNG preguntan se se pediu algún dos informes acordados como poden ser o xurídico, o técnico ou o económico.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que o goberno municipal está pendente de que lle entreguen o informe xurídico e engade que a persoa que estaba máis centrada neste punto incorpórase o vindeiro luns despois das súas vacacións, estando tamén a xefa de servizo con este tema porque se o asunto non obtén informe favorable do departamento xurídico xa non procedería solicitar outro tipo de informes; di que agarda que nestes próximos días se lle achegue algún resultado respecto desta cuestión e pide desculpas polo retraso.

O Sr. Chouciño Garrido di que unha segunda cuestión pola que quere preguntar ía tamén no acordo que, impulsado polo BNG, se adoptou por unanimidade o mes pasado respecto do uso compartido do polideportivo do Instituto Rego de Trabe e no que se acordou tamén que se daría conta no primeiro pleno que se celebre, que é o que se está a celebrar, de todas as accións que se levaran a cabo para impulsar o cumprimento de dito acordo, e solicita se diga que accións se fixeron para o seu cumprimento.

Resposta do goberno.- O concelleiro de Deportes, Sr. Suárez García, di que a pasada semana houbo unha reunión co instituto pois ata ese momento no instituto non tiveron data para poder chegar a un principio de acordo e engade que está na man do instituto facer a consulta á Consellería porque son partícipes de pechar a instalación e que aínda non deron resposta e de momento só hai correos cruzados da concellería co instituto Rego de Trabe.

O Sr. alcalde-presidente intervéñe e di que pensa que o acordo plenario se envía tamén á propia Consellería para que teña coñecemento da intención do Concello.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que o pasado día 21 houbo un pleno extraordinario para tratar o tema da unidade de actuación 16 en Vilaboa e que houbo unhas cuestións polas que se preguntou e ás que o Sr. alcalde non respondeu acolléndose a que o que alí se trataba era unha dación de conta e que non procedía, e di que considera que agora que todos os membros da Corporación, tanto os que forman parte do goberno municipal como os da oposición, tiveron acceso á documentación, considera que hai unhas cuestións que si se deberan responder e, en particular, en relación coa sentenza 79/2021 do contencioso-administrativo, que daba un prazo de 15 días para interpoñer recurso de apelación, prazo que a día de hoxe xa transcurriu porque se recibiu a sentenza no rexistro de entrada do Concello o día 5 de agosto, pregunta se o goberno municipal apelou á dita sentenza e, en consecuencia, dado que a sentenza é moi estrita respecto da Xunta de Compensación, pregunta tamén que vai facer o goberno municipal co Estudio de Detalle unha vez que o fallo deixa en estado precario dito Estudo de Detalle, estudo que habilitaría a desenvolver a xunta de compensación e polo tanto a conceder as licencias de obra, e se se vai anular e, neste caso, se se vai requirir que se fagan as cesións establecidas por lei; di que xa hai moito tempo, no informe que redactou a secretaria para o acordo adoptado pola Xunta de Goberno a proposta do anterior concelleiro de Urbanismo, Sr. Diego Taibo, dicíase que o proceso de urbanización e cesión se realizou en parte (e di que entre parénteses dicía que descoñecía o custo das obras de urbanización e tamén se se executara a cesión do 10% do aproveitamento tipo á Administración, aínda que sospeitaba que non), e engade o Sr. Chouciño Garrido que o que viña a dicir a Sra. secretaria municipal con esa frase complexa era que non existía a acreditación de que se fixera e continúa a dicir que no referido informe da Sra. secretaria se pode ler tamén que a urbanización está executada, que a cesión era imperfecta porque non se cedeu o 10% do aproveitamento tipo (e di que a Sra. secretaria entre parénteses indicaba que descoñecía esta afirmación) e que no mesmo informe refería que, verbo do sinalado polo técnico municipal, indicaba que a urbanización levada a cabo sen a previa aprobación do instrumento de ordenación previsto no PXOM e sen a aprobación do instrumento de equidistribución non se axusta á legalidade polo que formulaba a oportuna advertencia, rematando dicindo que, en todo caso, deberían efectuarse as cesións previstas na normativa vixente.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que os membros do seu grupo entenden que, tanto pola sentenza do contencioso administrativo como porque efectivamente xa había declaracións previas e advertencias previas de estar mal, o Estudio de Detalle debería someterse a revisión e pensa que é hora de facelo porque se está a falar de cesións obrigatorias que son para o disfrute de toda a cidadanía e recorda o que pode pasar despois, como cando se quixo poñer un colexio, que houbo que comprar parcelas porque non había patrimonio municipal de solo para executar un colexio, situación que vén de facer mal as operacións urbanísticas e non adquirir o que lle corresponde ao Concello neses desenvolvementos; di que desde o BNG pensan que xa é hora de que se fagan as cousas ben e que se demostre que, efectivamente, hai vontade de non estar coa xente que estafou aos veciños de Vilaboa e que

a xente que asistiu o día 21 ao pleno extraordinario vexa que hai unha atención ás súas demandas mesmo formuladas en recursos contencioso-administrativos e en fallos xudiciais.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, lle di que ela solicitou o día 30 de agosto á secretaria xeral polo disposto no Real decreto 128 do 2018 un informe respecto da elaboración duns estatutos e bases de unidade de actuación; di que o pleno extraordinario foi o día 21 e que os membros do seu grupo recibiron a convocatoria e polo tanto a posibilidade de consultar a documentación o día 19, non constando informe ao respecto, polo que preguntan se xa está dispoñible para poder consultalo e ver en que sentido vai porque, ao seu modo de ver, dito informe é non só para ver a posibilidade dunha nova redacción de bases e estatutos da xunta de compensación senón tamén, en consecuencia, do estudo de detalle, como ben dicía a sentenza do contencioso-administrativo.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que, loxicamente, o tema referido é moito máis complexo que contestar a unha pregunta e lle di ao Sr. Chouciño se o que pregunta e se vai anular porque pensa que iso resume absolutamente todo.

O Sr. Chouciño Garrido di que repite a pregunta e indica que, á vista da sentenza do contencioso-administrativo, o BNG di que o estudo de detalle queda en precario porque anula a xunta de compensación e insta, di que lle parece recordar, a ter presentado pola vía indirecta un contencioso-administrativo contra o estudo de detalle e pregunta se a consecuencia do que vén de dicir é que se anula o estudo de detalle e, en caso de que a consecuencia sexa esa, se habería que empezar con ese proceso de anulación.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que a sentenza anula un defecto de forma, e lle pide á concelleira correspondente que lle corrixa se non está no certo, porque unha das partes non reunía a porcentaxe necesaria e teñen que ser os técnicos municipais os que determinen se o que presentaron novamente (estatutos, compensacións, ou o que poida haber en todo ese expediente), se axusta a Dereito porque o Concello non pode anular nada que non sexa anulable, tratándose dun tema eminentemente técnico, de planeamento, e a asesoría xurídica do Concello, imaxina que con posterioridade ao que diga o arquitecto municipal que neste momento hai en virtude dun convenio con outra administración ou outro que poida derivarse, determinarán se a documentación que presentan se axusta ou non a dereito; di que pode coincidir o que quere el co que quere o Sr. Chouciño pero como pasa noutros moitos temas, ás veces non se poden facer as cousas como se quere, engadindo que o expediente está aberto a todas as consultas que desexen e cando se saquen outras conclusións pódense ir vendo sen ningún problema.

O Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que o Sr. alcalde vén de contestar á pregunta feita polo BNG respecto da xunta de compensación e di que o BNG preguntou tamén polo estudo de detalle, que é a formación xurídica que dá e a cuestión é que o fallo do contencioso-administrativo fai unha alusión ao estudo de detalle e a pregunta que fai o BNG é se o goberno municipal solicitou algún informe xurídico para concluír en que estado queda o estudo de detalle despois da afirmación que está no fallo ou se xa a interpreta o goberno municipal.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que o goberno municipal non ten que entender nin interpretar nada e que os que teñen que interpretar e entender son os técnicos municipais que son os que teñen que examinar o expediente de principio a fin pois hai que analizar todo, o estudo de detalle, a xunta de compensación, absolutamente todo, sen que quede ningún fleco por explorar, sen prexuízo de que como administración poidan interpoñer todo tipo de recursos ou incluso levalo novamente a un contencioso onde se resolva pero é un tema eminentemente técnico que está en mans dos técnicos municipais.

O Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que no ano 98 o goberno municipal tiña unhas advertencias do técnico municipal e se aprobou igualmente e o que pide o BNG é precisamente que se atenda aos informes técnicos e á pregunta do BNG e avaliar en que situación queda o estudo de detalle despois do que vén recollido no fallo do contencioso-administrativo; di que o rogo que fai o seu grupo é que se solicite un informe xurídico que interprete en que estado queda o estudo de detalle e determine se hai que anulalo e volver a empezar ou se iso non é así porque ao BNG non lle serve que o equipo de goberno quede só na xunta de compensación.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que non é unha cousa de que iso vale ou deixa de valer senón de que é un tema eminentemente técnico e lle di ao Sr. Chouciño que el tamén ten responsabilidade neste tema pois o seu grupo cogobernou entre o 2007 e o 2013.

O Sr. Chouciño Garrido di que parece que el teña responsabilidade en todo ou se lle queira cargar con todo tipo de responsabilidades.

O Sr. alcalde-presidente di que o BNG estivo cogobernando tamén nos anos de máis embrollo do tema que se está a tratar.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ao longo da actual lexislatura veciños da praza de Galicia puxéronse en contacto co seu grupo desesperados polo retraso no cumprimento da sentenza que obrigaba ao Concello a reparar as filtracións aos garaxes; di que no presente mes de setembro na última xunta de veciños acordaron dar o ultimátum de que se o Concello non iniciaba a obra amosarían o seu descontento coa xestión do goberno municipal, sendo a sorpresa dos membros do seu grupo que o Sr. alcalde saíu ao paso tentando desculpase do retraso desa obra alegando retrasos debidos a outra Administración, neste caso, a Patrimonio da Xunta, e di que lles parece lamentable que o goberno municipal culpe a outra Administración do seu fracaso na xestión e solicitan que se dean as datas nas que o Concello fixo a súa solicitude a Patrimonio e o que tardou a administración autonómica en contestar, deixando claro que o retraso non foi debido á Xunta, engadindo que o Grupo Político Popular quere tamén coñecer a causa de por que a obra non está aínda licitada cando xa dispón desde o mes de xuño do permiso definitivo de Patrimonio

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente lle pregunta á Sra. García Gorostizu se cando ela fai a pregunta que vén de facer o fai convencida de que o goberno municipal dixo iso ou se tamén forma parte do xogo político ao que están sometendo á cidadanía de Culleredo, engadindo que hai informes que, en caso de non telos, impiden dar calquera paso, indicando que o Concello de Culleredo ten unha relación extraordinaria con Patrimonio da Xunta de Galicia, unha relación constante, e que con Patrimonio do Camiño Inglés de Santiago e con Patrimonio que está na Delegación da Coruña o goberno municipal ten unha comunicación fluidísima, tanto por escrito como telefónica, e di que el nunca lle achaca culpas a outras administracións, poidan ou non tela, e que o que fixo foi dicir que ata que o Concello tivera o informe de Patrimonio que autorizara a realizar a obra, non se podía mover ficha algunha, e despois de obter ese informe de Patrimonio, quedan aínda informes unha vez que a Xunta de Galicia acepta o documento definitivo e este documento vénse de aprobar fai unhas semanas adaptado totalmente a Dereito e se vén de remitir á Deputación provincial porque tamén está afectada e, desde que se inicia toda esta situación, ata o día de hoxe, hai que redactar un proxecto, algo engorroso que fai un arquitecto e que non se fai en quince días e hai uns prazos que xa están previstos para a execución dese proxecto, facéndose unha revisión do anteproxecto por parte dos técnicos municipais, e todo iso desde que se fai o requirimento do Xulgado de cumprimento da sentenza e despois, unha vez que os técnicos municipais consideran que o proxecto pasa ese filtro, é cando se ten que remitir á administración autonómica, a Patrimonio da Xunta de Galicia, do Camiño de Santiago, que é unha das administracións de Patrimonio que máis saturación ten porque como ben saberá a Sra. García Gorostizu, as afeccións que ten o Camiño de Santiago, nas súas derivacións do Camiño Inglés e de todos os que hai, son moi grandes ao longo e ancho de Galicia, foi xa modificando o propio proxecto e cando remataron o proxecto, que é un proxecto tratado conxuntamente coa realización do propio camiño inglés dende a igrexa do Burgo, e llo remitiron á Xunta de Galicia, no mes de marzo, obtiveron resposta o 4 de xullo de 2022 polo rexistro de Entrada do Concello, remitíndose ao departamento correspondente que llo remite ao proxectista para que faga algunhas consideracións eminentemente técnicas de axuste de prezos (e aclara que se está nunha fase de revisión de prezos); di que o goberno municipal quere saber se o proxecto inicial, independentemente das modificacións técnicas que poida esixir a Administración autonómica, coa que reitera que hai unha relación nese ámbito extraordinaria, se axusta a prezo porque do contrario estaría se licitando probablemente un proxecto que quedara deserto como está a pasar noutros concellos porque o aumento do prezo dos materiais fai que moitos concellos estean dando para atrás a moitas licitacións que quedan desertas e o técnico que fai o proxecto, independentemente das modificacións de forma que poida haber, di que cumpre o criterio económico, e nese momento sométese novamente a informe técnico do Concello de Culleredo que é o que determina que unha vez pasados todos os filtros ten que darse conta del á Deputación provincial para ver unha afección da rúa Alexandre Bóveda, que é unha estrada provincial, por se quixera facer algunha consideración ao respecto; di que a Deputación provincial contesta e lle dá o visto e praxe ao proxecto e nese momento é cando pasa definitivamente a análise xurídica e cando o Concello, a través de Secretaría e Intervención e o propio departamento de Contratación, está en disposición de actuar; di que os prazos que ten a Administración, e que dá igual que governe o Partido Popular, o Partido Socialista, BNG ou Alternativa dos Veciños, son os que son e as administracións están saturadas de traballo, contando ademais o Concello coa espada de Damocles de que non pode contratar directamente a máis persoal.

C.I.F. P-1503100-H

Remata a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que o que máis lle doe de todo isto e que el, dada toda esa situación burocrática, non puido facer nada para ser máis áxil, e di que tamén lle doe, e que así llo transmitirá á propia Consellería, que se diga que o goberno municipal culpa a outra administración pois o que ocorre é que se trata dun informe vinculante ao 100% que se dá cando se dá, cando se pode.

A Sra. García Gorostizu pregunta se se poden dar datas e di que a sentenza foi do 2019.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que a concelleira de Urbanismo lle poderá dar as datas e que lle vai dicir tamén que ao Xulgado que condena ao Concello de Culleredo a arranxar as filtracións que hai na praza se lle remiten puntualmente todas as actuacións e como vai o proceso para poder licitar a praza porque este non é un proceso que se poida licitar de urxencia como se fora un contrato menor e, se o Xulgado condenara ao Concello a unha obra de 36.000 euros podería facerse con carácter de urxencia pero neste caso cre que a obra ascende a 117.000 euros ou cantidade aproximada polo que se trata dun contrato de obra maior que hai que licitar si ou si; di que a administración autonómica será máis rápida ou máis lenta pero que o Concello vai depender do que ela diga e engade que o Xulgado é consciente de que esos trámites administrativos son vinculantes para que a administración local poida licitar esa obra; indica que a el lle gustaría que o Xulgado mandara licitar sen o permiso de Patrimonio e habería que facelo pero non é así e lle di á Sra. García Gorostizu que seguramente ela quereda escoitar outra cousa pero que a verdade é a que vén de dicir, que se pode contrastar nos papeis, e que lle vai remitir por escrito, para que ela poida facer o que considere oportuno, cada paso que deu o Concello desde que se ditou a sentenza.

A Sra. García Gorostizu intervéen e di que se alegra moito das boas relacións do Concello co resto de administracións pero que ela o único polo que preguntou foi por datas e di que o Sr. alcalde informou nas redes que grazas a que xa tiña o permiso de Patrimonio a dita obra xa se podería licitar no presente mes de setembro e, tal como o Sr. alcalde redactou a noticia, daba a impresión de que todo o retraso era debido a Patrimonio da Xunta, motivo polo que ela pregunta pero, dado que ve que el non quere dar datos, a pesar de que na correspondente comisión informativa xa lle advertiu de que no pleno ía preguntar por esas datas, xa as trae ela anotadas e relata o seguinte:

- En maio de 2019 foi a sentenza condenatoria.
- Ata abril de 2021 o goberno municipal non presentou a solicitude a Patrimonio.
- En xuño de 2021, Patrimonio require unha modificación, polo que tardaron tres meses.
- O Concello de Culleredo tardou un ano en contestar a Patrimonio, en marzo de 2022.
- Patrimonio tardou outros tres meses en contestar.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente lle di á Sra. García Gorostizu que, como xa dixo, Patrimonio colleu conxuntamente os dous proxectos, o da Praza de Galicia e un proxecto de Humanización e non hai que esquecerse do que pasou en España e en todo o mundo e que se ela gobernara faría exactamente o mesmo porque os prazos son os que son e el sinte que ao final o pague o cidadán pero son normas que existen e todos os proxectos do Concello de Culleredo teñen que ser sometidos a Patrimonio da Xunta de Galicia e moitos deles a Costas, a AESA, a ADIF e pasa moitas veces que cando hai o permiso dun falta outro e recorda que Culleredo é un dos concellos que máis informes subsidiarios necesita en toda a provincia debido á súa situación estratéxica.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que ten outra pregunta pois nas reunións que os membros do seu Grupo teñen coas distintas asociacións do Concello de Culleredo estiveron no centro social de Sésamo e queren saber se a obra foi recepcionada porque eles consideran que non cumpre os requisitos de calidade cos que se debe entregar unha obra pois as caixas das persianas están mal, os remates tanto en teito como no solo están en mal estado, faltan estanterías, as madeiras que cubren o ventanal non están ben suxeitas, zonas da parede exterior que necesitarían outra man de pintura e, o máis sangrante que viron, é que non se adaptou á normativa de accesibilidade o interior do edificio e non se arranxou o baño, estando en peores condicións do que estaba antes, pois levantáronse algunhas baldosas e, en lugar de arranxarse, colocouse unha tapa encima, polo que a pregunta é se se recepcionou esta obra e se lle poden explicar como presentan un proxecto que non cumpre a normativa de accesibilidade porque non é a primeira vez que pasa, e recorda o que pasou co centro de Celas, no que se adaptou á normativa de accesibilidade a zona exterior pero o interior non.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente lle pregunta á Sra. García Gorostizu se leu o proxecto tal e como é porque ela está a falar dunha parte do centro social que non estaba incluída no proxecto e di que aí o que se fixo foi a ampliación do centro social de Sésamo sen afectar á parte existente e o baño está na parte que non está afectada pola rehabilitación feita e que o goberno municipal xa se reuniu cos veciños e lles explicou que nunha segunda fase o que se fará é adaptar a fase antiga para que resulte similar á parte nova e engade que o proxecto di o que di e que é para o que é e que a Sra. García Gorostizu está a falar dunha parte do edificio antigo, que non se toca no plano, independentemente de que poida haber algún defecto construtivo, obxectivo ou subxectivo, engadindo que non había dispoñibilidade orzamentaria para facer todo xunto e a obra da que fala a Sra. García Gorostizu vai ser obxecto doutra intervención na que se fará unha rehabilitación e adaptación do edificio antigo porque o presuposto era un presuposto europeo que só permitía unha determinada actuación.

A Sra. García Gorostizu di que é unha pena que non se fixera conxuntamente toda a obra, a ampliación e a adaptación da parte existente á normativa de accesibilidade para que o puidera utilizar todo o mundo.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que si pero que o proxecto construtivo era o que era e que era para o que había os fondos.

A Sra. García Gorostizu pregunta se a obra está recepcionada.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que a obra si está recepcionada.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que os membros do Grupo Político Popular teñen unha terceira pregunta pois unha vez máis se vén ao Pleno con queixas dos veciños da urbanización La Ría en Fonteculler polos ruidos e o malestar xerado polo Pub Birras e di que o Concello se apresurou a comunicar en prensa que o local se pechaba por extralimitarse nos ruidos fai xa dous meses pero resulta que o local segue aberto para a súa sorpresa; di que o mes do que dispoñía o local para presentar alegacións xa venceu e o Concello non pechou o local e pregunta que pasou e cales son as alegacións polas que o Concello non actuou.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que as alegacións son que o expediente vai a un contencioso-administrativo e engade que cre que hai vista a vindeira semana polo que haberá que agardar ao que decida o xuíz.

A Sra. García Gorostizu pregunta en que consiste a alegación.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que alega non estar de acordo co que ditamina o Concello de Culleredo e, en vez de presentar alegacións administrativas, vai directamente ao contencioso-administrativo, tendo a vista a primeira semana do vindeiro mes de outubro.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que os veciños avisan de novo de que volven a faltar profesores no Conservatorio de Música de Culleredo, profesores de piano e de guitarra, e di que este é un problema que vén arrastrándose xa desde o pasado ano e que non saben que dicirles aos veciños e pregunta que é o que está a pasar outra vez co persoal.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde di que non existe un problema da magnitude que se indica e que o que ocorreu é que houbo que substituír un profesor de frauta e que había un problema cun profesor de guitarra.

A Sra. García Gorostizu di que o problema afecta tamén ao profesorado de piano.

Resposta do goberno.- A Sra. Figueroa Fuentes, concelleira delegada de Persoal, di que o ano pasado había un profesor de guitarra que estaba substituíndo ao titular que tiña unha baixa laboral longa e que ese profesor notificou recentemente que se ía a outra administración, non dando de marxe nin os quince días de preaviso, polo que agora se está a realizar todo o proceso para poder contratar a unha persoa mentres non se incorpore o titular, e caso parecido ocorreu coa profesora de piano, de baixa tamén por IT polo que hai que tirar da lista de substitucións, téndose feito xa os chamamentos, non aceptando o primeiro e estando á espera de que o segundo chamado conteste, e indica que dentro dos prazos establecidos na Administración, Culleredo fai os chamamentos da forma máis áxil que pode.

De seguido a Sra. García Gorostizu di que os membros do Grupo Político Popular queren preguntar tamén por uns terreos en Orro dos que un dos grupos municipais solicitou acceso ao expediente e aínda non se puxo a disposición,

Código do documento	Código do expediente
USG16I04BT	USG/2022/155
Código de Verificación Electrónica (COVE)  000Y 0V5S 4F6I 3B39 1A9K	

e unha das preguntas é cal é a data da licencia que outorga o Concello e de cando é a primeira denuncia que se recibe, solicitando tamén información sobre se se enviou á APLU algunha denuncia.

Resposta do goberno.- O Sr. alcalde-presidente di que non sabe se a concelleira delegada disporá das datas na sesión e que do contrario llas pasarán.

A Sra. concelleira delegada de Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra, di que si se remitiu á APLU esta mesma semana pero que descoñece a data exacta e que se estiveron a facer os informes técnicos e xurídicos e inspeccións sobre o lugar para poder remitir o expediente completo.

A Sra. García Gorostizu di que non entende por que se estiveron xuntando denuncias sobre o lugar e agora se envía todo á APLU sen que se enviara xa desde a primeira denuncia que se presentou.

Resposta do goberno.- A Sra. Iglesias Becerra di que no expediente consta un informe xurídico que puxo de manifesto que a administración competente era a APLU e tan pronto como o goberno municipal tivo coñecemento desta competencia, previos os informes necesarios, se remitiu toda a información actualizada pois non é a mesma a situación da parcela fai un ano que na actualidade.

REMATE DA SESIÓN:

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e seis minutos do expresado día “ut supra”.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27.10.2022, segundo o borrador asinado o día 21.10.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I04BT	USG/2022/155
Código de Verificación Electrónica (COVE)  000Y 0V5S 4F6I 3B39 1A9K	

C.I.F. P-1503100-H